



GRADAÍLLE PERNAS, Rita e COSTA RICO, Antón (Com.) (2024). *Libro-Catálogo da Exposición Educación, Xénero e Lectura*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; 131 pp. ISBN: 978-84-120714-8-1

Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peñíos endexamáis se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”.

Non foi á escola por non ter chombra que pór, e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre, e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!

(Alfonso D. R. Castelao, Cousas)

Cunha coidada estética e impecable presentación, o *Libro-Catálogo da Exposición Educación, Xénero e Lectura*, desenvolve un percorrido que nutre e condensa a memoria da visita á exposición temporal¹ que foi acollida dende o 26 de maio do 2023 no Museo Pedagógico de Galiza (MUPEGA), comisariada pola profesora Rita Gradaílle Pernas e o profesor Antón Costa Rico, ambos membros do Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental SEPA-*interea* da Universidade de Santiago de Compostela. Unha mostra que amosa realidades, imaxes e representacións que nos trasladan desde mediados do século XIX ata a actualidade nun escenario de estereotipos e de discriminacións, mais tamén de dinámicas, de procesos de loita e de conquistas transformadoras, que trazaron modos de ensinar e de aprender en

¹ En relación á que presentamos un percorrido no número 87 da Revista Galega de Educación co título *Conformar, reformar,*

transformar. Visita á exposición Educación, Xénero e Lectura (pp. 80-83).

clave de xénero, poñendo énfase en particular no rol asignado ás mulleres.

O catálogo, que enmarca a súa portada e cuarta páxina co fermoso *Gravado de nenas lendo* de Jane Mary Dealy (1856-1939)², incorpora imaxes, ilustracións, miradas, textos e mesmo fotografías da propia exposición e dos obxectos, manuais e libros nela presentes que toman como referencia cronolóxica o período histórico comprendido entre 1857 e 2020. A calidade e riqueza da súa iconografía, trasládanos inevitablemente ao percorrido realizado presencialmente polas salas da exposición nas que o berce de xoguete, o bastidor, a máquina de coser, o libro de cualificacións escolares, os zapatos tipo “Merceditas” da década dos corenta, o neceser de viaxe, as bonecas, os monicreques de dedo, os libros de texto e de lectura ou as fotografías das aulas escolares, entre outros recursos, recrean unha topografía da memoria dun pasado recente aínda presente no que as representacións das mulleres, das nenas, e a construción “da feminidade”, do “ser muller” (e, por ende, dos homes, dos nenos, da construción “da masculinidade” e do “ser home”), responden aos modelos hexemónicos e estereotipados de xénero que traza a sociedade heteropatriarcal. Arquetipos que o propio refraneiro popular galego acolle a través de ditos como “o home

na leira e a muller na lareira” ou “muller sen fillos, xardín sen flores”, ou que mesmo reflicte *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro: “unha muller sen home... ¡Santo Bendito!, é corpiño sen alma, festa sen trigo!” (todas estas frases que aparecen plasmadas en diferentes estancias da exposición e tamén no catálogo a través das fotografías destas).

Segue ao índice do catálogo a divertida e expresiva ilustración infantil *Así es como tendrían que vivir las mujeres* de Sofía Trillo Vidal (16/12/2016), sucedida polos dez textos que, escritos por unha totalidade de corenta e cinco persoas, compoñen esta polifónica coral. Nela, alén da información técnica sobre a exposición, inclúense xunto aos textos de Pórtico ricas contribucións realizadas por persoas que desde hai décadas veñen manifestando as súas inquedanzas en relación polas cuestións abordadas na mostra. A este respecto indica o propio comisariado: “En relación cos textos de fondo indicamos que xunto ao texto histórico e sociolóxico que formulamos como comisariado, convocamos a dúas moi destacadas protagonistas: Marina Subirats, un nome-faro con alcance a todo o Estado español, e a Mónica Bar, recoñecida estudosa e analista da historia do movemento feminista en Galicia. Elas anteceden unha ampla nómina, case sempre de mulleres, con destacados itinerarios de vida, de loita

² Artista inglesa de finais do século XIX e comezos do XX, ilustradora de libros infantís coñecida como Lady Lewis desde 1904 (tal e como se recolle no propio catálogo).

e de creación dunha conciencia social imprescindible para unha sociedade efectivamente democrática. Nomes que nos axuden a visualizar e a comprender estes procesos en pro dos dereitos de todas as persoas. A elas e a eles propuxémoslles a posibilidade de que realizaran un comentario arredor dunha de dúas fotos enviadas: un recordo, unha emoción, unha información, unha posible reflexión, e sempre en formato escrito reducido, que nalgún caso e por excepción non se seguiu. O conxunto dos textos e imaxes seleccionadas incorpóranse neste libro, a modo caleidoscópico, en torno a cinco pequenas seccións: 1. Os estereotipos de xénero nos libros de texto. 2. A construción de estereotipos nas obras de literatura infantil e xuvenil. 3. No camiño da educación en igualdade. 4. Construindo outros horizontes mediante a educación literaria. 5. Desde as análises histórico-culturais” (Gradaïlle Pernas e Costa Rico, 2024, pp. 16-17).

Abre o catálogo o texto *Educación, lectura e xénero. Unha exposición necesaria* de Anxo M. Lorenzo Suárez, Director Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, poñendo énfase na evolución en materia de promoción da igualdade de xénero nas aulas galegas e na multitude de retos que fican por seren superados, así como no interese da exposición, agradecendo igualmente o traballo do comisariado da mostra e da coordinación da mesma.

Escrito por José Antonio Caride e Santiago Yubero, *Os valores da educación e a lectura en clave de xénero*, retrata como a educación e a lectura “nos

seus múltiples modos de concretarse na vida cotiá das persoas e das sociedades, teñen adquirido significados -simbólicos e materiais- impensables ata fai poucas décadas, abrindo o pensamento e o coñecemento a unha variada gama de oportunidades pedagóxicas, culturais, convivenciais... outorgándolle á perspectiva de xénero unha especial relevancia” (Caride e Yubero, en Gradaïlle Pernas e Costa Rico, 2024, p. 11) e, como esta cuestión, se traslada á exposición.

O comisariado da exposición, Rita Gradaïlle Pernas e Antón Costa Rico, escriben *Revisando pasados na procura de mellores futuros*, texto-eixo que actúa como fio condutor ao conxunto da mostra. Nel reflíctense os obxectivos da exposición, a saber: “A) Mostrar como os manuais escolares, os textos de literatura infantil e xuvenil e outros documentos de ensino-aprendizaxe foron tradicionalmente utilizados como recursos orientados a moldear a infancia sustentados nos principios morais, relixiosos e ideolóxico-políticos imperantes, propoñendo e mesmo impoñendo lecturas pseudo-literarias, didacticamente instrumentalizadas. B) Informar sobre procesos, iniciativas e referentes pedagóxicos, culturais e sociais que evidencian a relevancia das dinámicas alternativas, historicamente decisivas cara a superación dos estereotipos e das discriminacións de xénero. C) Promover unha conciencia crítica arredor das exclusións de xénero, contribuíndo á deconstrución dos imaxinarios colectivos que aínda perviven nas nosas sociedades, favorecendo a

adopción e consolidación de valores, actitudes, comportamentos, etc. que alenten unha sociedade máis libre, xusta, equitativa e inclusiva. D) Propor e/ou asentar iniciativas e liñas de acción pedagóxica e social que acrecenten a creatividade colectiva e a formación literaria, no sistema educativo e na sociedade, sen obviar a transcendencia das connotacións axiolóxicas inherentes aos textos literarios nin a relevancia da escritura e a lectura na educación da cidadanía.” (Gradaílle Pernas e Costa Rico, 2024, pp. 15-16). Evidéncianse tamén os propósitos do libro-catálogo e preséntanse as diferentes seccións da mostra: 1. *Conformar: Un tempo de estereotipos e exclusións (1857-1974)*; 2. *Reformar: Os inicios da deconstrución (1975-1989)* e 3. *Transformar: As procuras da coeducación, a equidade e as inclusións (1990-2020)*, polas que efectúan un fiado percorrido.

Marina Subirats, co artigo *A España democrática: o lento progreso da coeducación*, desenvolve unha panorámica en relación aos cambios na educación, sinalando as grandes deficiencias aínda existentes. Desde *A herdanza do franquismo: a muller como ama de casa*, *Os avances coeducativos no tempo da democracia: o crecemento estatístico educativo das mulleres e a pervivencia de formas de discriminación*, ata *As accións para impulsar a coeducación: leis e políticas educativas* e *A acción do profesorado: cara o cambio coeducativo*.

O *feminismo indispensable* de Mónica Bar Cendón, efectúa un percorrido polas conquistas do

feminismo desde o nacemento do movemento feminista organizado en España ata as novas problemáticas e retos que afrontar, pechando o texto coa tan precisa frase de Simone de Beauvoir: “nunca se deben dar os dereitos por adquiridos, cómpre estar vixilantes, porque poden perderse en calquera momento. Bastará unha crise económica, política ou relixiosa para que os nosos dereitos volvan ser cuestionados”.

Xa encabezando a primeira das cinco seccións, en relación ás 1. *Visións estereotipadas nos libros de texto*, escriben Ana López Navajas, Elisa Larrañaga, Rocío Anguita Martínez, Nanina Santos Castroviejo e Jorge García Marín en relación a imaxes de *La niña instruída* de Victoriano Fernández Ascarza; o caderno de Labores; o comportamento da “mujer soltera” para ser “una mujer con plena dignidad femenina”; os “selos de José Antonio con xugos e frechas no diploma de ter aprobado as ensinanzas de Formación do Espírito Nacional, Labores do Fogar e Educación Física dos catro cursos de Bacharelato que aquí certifican o Ministerio de Educación Nacional e a Sección Feminina da F.E.T. e das J.O.N.S. en setembro de 1954”; ou a portada da revista para nenas *Florita* do ano 1949.

Con respecto ás 2. *Visións estereotipadas na literatura infantil e xuvenil*, Noelia Ibarra-Rius, Josep Ballester-Roca e Terese González Pérez, reflexionan con respecto ao *Leedme, niñas..* de Federico Torres e os mecanismos de imposición ideolóxica a través da literatura infantil e xuvenil, así como en relación á

perpetuación de roles sexuais e á repetición de patróns culturais a través da divulgación de contos tradicionais.

O amplo elenco integrado por Camiño Noia, Rita Radl Philipp, Ana María Pérez Rico, María Luisa Abad, Ana María Porto Castro e María Josefa Mosteiro García, Sofía Riveiro Olveira, Sonia F. Casal, Manuel Bragado, María Pilar Jiménez Aleixandre, Mariló Candedo, Pilar Sampredro, María Xosé Agra Romero e Mari A. Lires, escriben 3. *No camiño da educación e igualdade arredor da Festa da palabra silenciada*; a unidade didáctica *A mulher hoje* impulsada pola ASPG nos primeiros anos 80; o número 77 (ano 2020) da Revista Galega de Educación; a obra *Estudos sobre muller e educación: aportacións desde Galicia*, publicada na *Colección Informes e Propostas* do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela no ano 2003; a imaxe da muller na cociña acompañada do refrán galego “O home na leira e a muller na lareira” (Refraneiro popular galego. *Lecturas para mujeres*, 1924); o calendario *Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo* como iniciativa da Organización de Mulleres dos STEs que cumpriu xa vinte anos; a imaxe de *Canles 5* (Xerais, 1988), primeiro libro de texto en galego que recibiu o Premio nacional a material didáctico non sexista Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación; a portada do libro de Marilar Aleixandre *A Cabeza de Medusa*; o número 171 de *Cuadernos de Pedagogía* centrado no sexismo na aula; o cartel de Enma Ríos *Biblioteca*

escolar, última xeración; a portada de *A favor de las niñas* (1973) de Elena Gianini Belotti, traducido no 1978; ou o cartaz dos *V Encontros de Educación para a Paz: Educación e sexismo*, de inicios dos 90.

4. *Construíndo outros horizontes a través da educación literaria*, de man de Montse Pena Presas, Sandra Sánchez García, Sabela Álvarez Núñez, M^a Inés García Seijo, Leticia Costas, Rosalía Fernández Rial, Margarita Ledo Andión e Xerardo Quintiá, observa e analiza a portada de *Artur e Clementina* de Adela Turín e Nella Bosnia, da primeira colección dirixida á infancia cunha intencionalidade feminista; a capa da obra de Astrid Lindgren, *Pippi Langstrumpf*; a cuberta o libro *O rei de nada e outros contos* (1988); tres dos monicreques da *Carrapuchiña Vermella*; a portada de *Anagnórise*, de María Victoria Moreno; o libro *Vermella* de Sabela Losada Cortizas con ilustracións de Minia Regos; a capa de *Celia* de Elena Fortún; ou as páxinas de *Tiritesa*.

O último dos títulos que completan o catálogo, 5. *Desde as análises histórico-culturais*, que acolle as voces de Victoria Robles Sanjuán, M^a del Carmen Agulló Díaz, Mariám Mariño Costales, Olaia Fontal Merillas, Patricia Porto Paderne, Encarna Otero, Nieves Herrero e Marta Pérez Pereiro, traza olladas e verbas arredor das imaxes da *Guía de la Mujer* editada por Faustino Paluzie na última década do século XIX; *Flora* de Pilar Pascual Sanjuan; o volume *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* editado polo Consello da Cultura Galega; unha fotografía da

máquina de coser; unha nube conceptual arredor dos termos “estereotipos” ou “coeducación” entre outros; unha capa do proxecto colectivo Mulleres en Compostela, do ano 2022; a fotografía dun pequeno berce de xoguete; e o cartaz do 8 de marzo de 2011 que ten como lema *Las oportunidades de la edad: mujeres sabias*.

Pechan a obra o rico texto destinado ás referencias documentais, iniciativas e institucións - que outorga prioridade no rexistro á cadencia temporal ordenándoa consonte á exposición-, e, aínda, o índice de autoras. Deste modo, o libro artella un itinerario que, se na exposición se desenvolve a través dun conxunto de dezaseis mesas expositoras ubicadas en diferentes salas unidos por un mesmo corredor con libros, recursos escolares, obxectos significativos, fotografías históricas, carteis, imaxes e información escrita, no catálogo incardina necesarios artigos e textos que contribúen a visibilizar dinámicas ligadas aos procesos de transformación histórica que se perpetuaron e lexitimaron a través dos procesos educativos e da lectura.

O catálogo constitúe pois un verdadeiro tesouro, ben complexo de sintetizar en palabras debido ao poder que todas as imaxes que o compoñen suscitan ou evocan en quen pode apreciálo. Así, é unha rica e

plural composición que convida a ler o mundo “cos ollos da esperanza construtiva que alentan as pedagogías que reivindicán un quefacer educativo comprometido coa equidade, a inclusión e o máis pleno respecto aos dereitos que invocan a diversidade nos modos de ser persoas e sociedades” (Gradaílle Pernas e Costa Rico, 2024, p. 161).

*O tesouro da
túa memoria salvaranos da fame
sempre,
e non saber de ti será morrer un pouco,
ignorar que detiveches o inverno a golpe de lareira,
cen mil ferrados de sabas que lavaches e de bocas
ás que deches calma.
E ladraches. E sorriches.
E non posaches para esta foto, simplemente
viviches.*

(Lucía Aldao, *Sen título*)³

Así falou Penélope:

Existe a maxia e pode ser de todos.

¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR

(Xohana Torres, *Eu tamén navegar*)

Uxía BOLAÑO AMIGO
Universidade de Santiago de Compostela

³ Fragmento do poema da poeta coruñesa recollido no traballo *Machismos: de micro nada*, con primeira edición do ano 2015 e coordinado por Fiadeiras, Grupo de Traballo en Igualdade do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG).